

UNHA NOVA LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

O TERRITORIO É UN REFLEXO DO QUE SOMOS



RESOLVER OS SEUS DESAFÍOS POTENCIARÁ O PLENO
DESENVOLVEMENTO DO PAÍS

MARCO COMPETENCIAL E NORMATIVO

C.C.A.A. GALICIA: COMPETENCIA EXCLUSIVA EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO LITORAL, URBANISMO E VIVENDA

- *Artigo 148.1.3º CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA*
- *Artigo 27.3 ESTATUTO AUTONOMÍA GALICIA (LO 1/1981, DO 6 DE ABRIL)*

CORRESPÓNDELLE O **PAPEL INTEGRADOR** DAS DISTINTAS PERSPECTIVAS E A CONSECUCIÓN DUNHA VISIÓN SUPERADORA DA PARCIALIDADE INHERENTE A ESTAS, PRESIDIDO POLOS

PRINCIPIOS DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVAS

REGULACIÓN VIXENTE

- LEI 10/1995, DO 23 DE NOVEMBRO, DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA
- DECRETO 80/2000, DO 23 DE MARZO, POLO QUE SE REGULAN OS PLANS E PROXECTOS SECTORIAIS DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

NECESIDADE DUNHA NOVA LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- SIMPLIFICACIÓN NORMATIVA (*Lei + Regulamento*)
- ACTUALIZACIÓN NORMATIVA (*LSG, RLSG, PBA, NNTT, PBM's*)
- SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA (*Instrumentos e procedemento*)

ANTEPROXECTO LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

TITULO PRELIMINAR

Capítulo I. Disposicións xerais

Capítulo II. A competencia e a colaboración administrativa

Capítulo III. A transparencia e a participación cidadá

TITULO I. A ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Capítulo I. Disposicións xerais

Capítulo II. Instrumentos de ordenación territorial

CAPÍTULO III. Procedemento de elaboración e aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio

CAPÍTULO IV. Modificación dos instrumentos de ordenación territorial

CAPÍTULO V. Efectos e vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio

6 disposicións adicionais

4 disposicións transitorias

1 disposición derogatoria

3 disposicións derradeiras

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

LEI 10/1995	ANTEPROXECTO NOVA LOT
DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (2011)	DIRECTRICES DE OT
PLANS TERRITORIAIS INTEGRADOS (POL 2011)	PLANS TERRITORIAIS: - INTEGRADOS - ESPECIAIS
PLANS SECTORIAIS	PLANS SECTORIAIS
PROXECTOS SECTORIAIS	PROXECTOS DE INTERESE AUTONÓMICO
PROXECTOS DE ORDENACIÓN DO MEDIO FÍSICO	<i>A súa mínima virtualidade durante estes 24 anos aconsellan reconducir esta figura a través do encaixe da mesma nos demais instrumentos de ordenación que se contemplan</i>
PROGRAMAS COORDINADOS DE ACTUACIÓN	<i>Figura de carácter netamente inversor e de compoñente máis ben administrativo, tal e como se recolle nas propias DOT (10.1.8) que non ten senso de recollese como instrumento de ordenación territorial propiamente dito</i>

NORMATIVAS E POLÍTICAS EUROPEAS

- **ESTRATEGIA TERRITORIAL EUROPEA**
- **AXENDA TERRITORIAL DA UNIÓN EUROPEA 2020**
- **LIBRO VERDE DA COHESIÓN TERRITORIAL**, que inspirou a **ESTRATEGIA EUROPEA 2020**, cara a un crecemento económico, intelixente, sustentable e integrador, que aposta polo fomento das actividades que aproveiten as oportunidades que lles ofrece o territorio, sen menoscabar os seus valores ambientais e culturais.



A Lei explicita o **TRATAMENTO INTEGRAL DO TERRITORIO**, ao tempo que **harmoniza** todas as escalas espaciais da planificación, establece mecanismos de avaliación dos aspectos ambientais, territoriais, paisaxísticos, económicos e sociais, contribuíndo a unha maior eficiencia do feito planificador

ESTRATEGIA TERRITORIAL EUROPEA

3 OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS DA POLÍTICA EUROPEA

- **COHESIÓN ECONÓMICA E SOCIAL**

Desenvolvemento dun sistema equilibrado e policéntrico de cidades e unha nova relación campo-cidade

- **CONSERVACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E DO PATRIMONIO CULTURAL**

Xestión intelixente e a protección da natureza e do patrimonio cultural

- **COMPETITIVIDADE MÁIS EQUILIBRADA DO TERRITORIO EUROPEO**

Garantía dun acceso equivalente ás infraestruturas e ao coñecemento e o desenvolvemento sostible

PRINCIPIOS ORIENTADORES

- DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL INTEGRAL SOSTIBLE
- RACIONALIDADE TERRITORIAL: O SOLO COMO BEN LIMITADO ESGOTABLE
- COHESIÓN SOCIAL E ECONÓMICA E A PERSPECTIVA DE XÉNERO
- CONECTIVIDADE ECOLÓXICA E FUNCIONALIDADE DOS ECOSISTEMAS; MITIGACIÓN E ADAPTACIÓN PARA OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO; CONECTIVIDADE E RESTAURACIÓN DE ECOSISTEMAS DEGRADADOS
- COIDADADO DA PAISAXE E DO PATRIMONIO CULTURAL COMO BENS DE ESPECIAL INTERESE
- ATENCIÓN AO SISTEMA RURAL DE GALICIA COMO UN CONXUNTO DE ESPAZOS QUE DESEMPEÑAN UN PAPEL TERRITORIAL FUNDAMENTAL PARA A CCAA

DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL INTEGRAL SOSTIBLE

- Utilización **racional** do territorio
- As demandas deberán responder a **necesidades reais e obxectivas**, que xustifiquen a ocupación racional e sustentable do solo e o consumo sustentable dos recursos naturais e enerxéticos
- O desenvolvemento sostible atenderá ao **principio de accesibilidade universal**, con independencia das capacidades ou limitacións de mobilidade das persoas ou na súa percepción e comprensión do contorno
- Os instrumentos de ordenación territorial terán en conta as determinacións establecidas nos **instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos e da rede Natura 2000**



RACIONALIDADE TERRITORIAL

- **Recurso natural non renovable** do solo
- Modelos de ocupación que **eviten a dispersión da urbanización** e das edificacións no territorio, dando prioridade á culminación dos desenvolvementos existentes
- Favorecerase a **cohesión e o equilibrio territorial**, a compactación das cidades, e a rehabilitación, rexeneración e renovación do solo urbano
- Preservación e **mellora dos sistemas de vida tradicionais** nas áreas rurais, favorecendo a interdependencia entre o urbano e o rural e consolidando un modelo de territorio globalmente eficiente.

COHESIÓN SOCIAL E ECONÓMICA E A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- A ordenación territorial procurará **CIDADES SOCIALMENTE INTEGRADAS**:
 - Evitando solucións espaciais discriminatorias que xeren áreas marxinais e ambientes de exclusión social
 - Combinación equilibrada de usos e grupos sociais
 - Propiciando a interdependencia entre núcleos urbanos e rurais
 - Favorecendo a complementariedade de funcións entre os mesmos
 - Integración dos sistemas e infraestruturas de transporte e previsión das dotacións necesarias
- As políticas e plans de ordenación territorial deben incluír medidas tendentes a facer efectivo o **PRINCIPIO DE IGUALDADE entre as persoas**. Neste senso, a ordenación do territorio **terá en conta o IMPACTO DOS ROLES DE XÉNERO no uso diferenciado do territorio** por mulleres e homes

O SISTEMA RURAL DE GALICIA

- Os espazos rurais de Galicia desempeñan un **PAPEL TERRITORIAL FUNDAMENTAL**, derivado do seu carácter multifuncional, como soporte de recursos, produtores de bens e depositarios de valores culturais, ecolóxicos e paisaxísticos
- 
- Os instrumentos de ordenación territorial prestarán unha especial atención aos espazos rurais de Galicia, co **OBXECTIVO DE ASEGURAR A PERMANENCIA NO TERRITORIO DA SÚA POBOACIÓN**, contribuíndo á viabilidade das actividades económicas que puideran desenvolverse nel, compatibles coa defensa dos seus valores

INFRAESTRUTURA VERDE NA LOT

- A planificación territorial debe orientarse a impulsar o desenvolvemento de **INFRAESTRUTURAS VERDES** en todos os ámbitos territoriais (nacional, rexional, local) e garantir a súa ordenación do territorio como unha infraestrutura tradicional
- Creación dunha **REDE INTERCONECTADA** dos **espazos de maior valor planificada de xeito estratéxico**, para prestar servizos ecosistémicos e para **protexer a biodiversidade**



**FERRAMENTA PARA VERTEBRAR O TERRITORIO, DOTÁNDOO DE
CONTINUIDADE, ANTES DA PLANIFICACIÓN DAS NOVAS DEMANDAS DE SOLO**

INFRAESTRUTURA VERDE - COMPOSICIÓN

SISTEMA TERRITORIAL BÁSICO

- **Ámbitos de máis relevante valor** *ambiental, cultural, agrícola e paisaxístico*
- **Áreas críticas do territorio** *cuxa transformación implique riscos ou custes ambientais para a comunidade*
- **Corredores ecolóxicos e conexións funcionais** *que poñan en relación todos os elementos anteriores*

Estenderase aos solos urbanos e urbanizables, comprendendo, como mínimo, os espazos libres e as zonas verdes públicas de maior entidade, así como os itinerarios que permitan a súa conexión

INFRAESTRUTURA VERDE

- Os instrumentos de ordenación territorial terán en conta as determinacións da **Estratexia estatal de infraestrutura verde**, así como a que se desenvolva pola CCAA de Galicia
- Os instrumentos de planificación territorial identificarán e caracterizarán os espazos da infraestrutura verde da CCAA Galicia, sendo a **Consellería competente en materia de Medio Ambiente** a encargada de supervisar a súa coherencia e funcionalidade

(LEI 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia -

*Consellería competente en patrimonio natural elaborará a infraestrutura autonómica en
3 anos dende a aprobación da estratexia estatal)*

INFRAESTRUTURA VERDE

INLUIRÁ tanto **ámbitos protexidos por unha regulación específica** como **outros que non posúen esa protección**

- **ESPAZOS REGULADOS**: se incorporarán á infraestrutura verde coa súa declaración, catalogación ou aprobación do instrumento que os regule
- **OUTROS ESPAZOS**: a súa incorporación producirase coa aprobación do instrumento que os identifique, os caracterice e regule os usos e aproveitamentos que sexan compatibles co mantemento da estrutura e funcionalidade da dita infraestrutura; e a súa exclusión posterior deberá ser obxecto da debida xustificación, correspondendo á consellería competente en materia de medio ambiente o control da súa coherencia e funcionalidade.

FUNCIÓNS (I)

- **PRESERVAR** o patrimonio natural e cultural
- **ASEGURAR** a conectividade ecolóxica e territorial necesaria para a mellora da biodiversidade, a saúde dos ecosistemas e a calidade da paisaxe
- **PROPORCIONAR** unha **metodoloxía** para o deseño eficiente do territorio e unha gradación de preferencias en canto ás alternativas dos desenvolvementos urbanísticos
- **ORIENTAR** de xeito preferente as posibles alternativas dos desenvolvementos urbanísticos cara aos solos de menor valor ambiental, paisaxístico, cultural e produtivo

FUNCIÓNS (II)

- **EVITAR** os procesos de implantación urbana nos solos sometidos a riscos naturais e inducidos, de carácter significativo
- **FAVORECER** a continuidade territorial e visual dos espazos abertos
- **VERTEBRAR** os espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e cultural do territorio, así como os espazos públicos e os fitos conformadores da imaxe e identidade urbana, mediante itinerarios que propicien a mellora da calidade de vida das persoas e o coñecemento e disfrute da cultura do territorio
- **MELLORAR A CALIDADE DE VIDA** das persoas nas áreas urbanas e no medio rural e fomentar unha ordenación sostible do medio ambiente urbano

UNHA NOVA LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

Moitas grazas